

COPIA



Confederación Intersindical Galega

ILMO. AYUNTAMIENTO DE VERÍN

Registro general

Entrada 2163

Salida

Fecha 22/07/2011

PERANTE O SR. ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELHO DE VERÍN

Manoel Anxo García Torres, maior de idade, con D.I. nº 76.707.405-J, en cualidade de representante legal da Unión Local de Verín da Confederación Intersindical Galega (CIG) e con enderezo a efectos de notificacións na vila de Verín, CIG-Casa Sindical, Rúa Doutor Pedro González nº 5-1º andar (CP 32600), do Concelho de Verín; perante o **SR. ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELHO DE VERÍN** comparezo e, como milhor proceda, **DIGO**:

Que, consonte co disposto no Capítulo VII, artigo 16º do vixente Regulamento Especial de Honores e Distincións do Concelho de Verín, **PROMOVO A INSTRUCCIÓN DUN PROCEDIMENTO PRA CONCESIÓN DE HONORES E DISTINCIÓNS** aos veciños de Verín que a seguir se identifican.

Que tal promoción se fundamenta en base aos seguintes,

FEITOS:

1º.- Que, como é conhecido, o 18 de Xulho de 1936 o exército do Estado Espanhol ergueuse en armas, contra o goberno legal da República, co obxecto de dar un golpe de estado e depor aos representantes populares, elixidos democraticamente, así como de subverter a orde constitucional republicana por outro réxime que remataría por configurarse como unha ditadura militar de curte fascista.

2º.- Que o día 20 de Xulho de 1936, ante as noticias da sublevación do Exército, parte da Corporación do Concelho de Verín, co seu Alcalde á cabeza, así como diversos traballadores/as, industriais e veciños/as constituíron unha milicia popular para a defensa da legalidade vixente, co obxecto de impedir o éxito do golpe de estado no noso concello e comarca e para protexer a persoas e bens, de todo tipo de ideoloxías, dos feitos incontrolados que poderían derivar da asonada militar; xusto o contrario do que aconteceu, a partires do 22 de Xulho de 1936, data na que o Exército tomou o poder na nosa vila.

3º.- Que, entre outros, a corporación republicana do Concelho de Verín estaba formada, naquela altura, por Don Carlos Reino Caamaño (Alcalde), Don Juan Antonio Álvarez Diéguez (Tenente Alcalde) e don Ernesto Ramos Méndez (concelheiro). Todos procesados por rebelión militar, na causa 1021/1936, e posteriormente fusilados.

4º.- Que, xunto cos anteriores, foron procesados, na mesma causa e fusilados, o industrial de Verín, Don Lino García Vázquez e o Presidente do Sindicato de Oficios Varios de Verín, Don Sixto Salgado Farinhas.

5º.- Que se transcreben os infames e predeterminados fundamentos nos que se basearon as condeas a morte, extraídos da Sentenza ditada en Ourense por un Consello de Guerra, o 22 de Maio de 1937 (achégase):

"Resultando que con ocasión del Movimiento de Rebelión Militar llevado a cabo a partir del dieciocho de julio por los partidos políticos del Frente Popular que se alzaron en armas contra el poder legítimamente recogido por el Ejército que en 21 de Julio se hizo cargo del Gobierno de España detentado por aquella amalgama política antinacional en la comarca de Verín e igual que en tantas otras tuvieron lugar los sucesos con orientación marxista en la formación de grupos que con las armas en la mano se hicieron dueños de la localidad y requisaron armas, detuvieron personas de derechas, requisaron automóviles, cachearon personas, registraron domicilios y desistieron de su actitud subversiva luego que la fuerza pública poniéndolos en dispersión restableció nuevamente el orden e impuso las autoridades del nuevo Gobierno de España.

Resultando que estos sucesos de Verín fueron dirigidos desde el Ayuntamiento donde el Alcalde procesado Carlos Reino Caamaño organizó los grupos armados, dio ordendes de requisa de armas, decretó la detención de las gentes significativas de derecha, ordenó a la guardia civil entregarle las armas de que disponían y también los registros domiciliarios, constando además que había sido Presidente del Partido de Izquierda Republicana, uno de los compenentes del Frente Popular, a cuya política vino sirviendo desde la elecciones de febrero y desde su puesto de Alcalde.

Resultando que en el Ayuntamiento y no sólo siendo el Alcalde con quien coloaboró en la dirección del movimiento revolucionario en el que estaba encuadrado, también como destacado miembro del partido de izquierda republicana, a cuya política servía como teniente alcalde de aquella corporación, estaba el procesado Juan Antonio Álvarez Diéguez, quien dirige desde el despacho la requisa de armas en la localidad, armas que después habían de repartir entre los milicianos socialistas para enfrentarlos con el ejército y colabora en todas las órdenes que del Ayuntamiento salen para la mejor consecución del fin que se proponían los rebeldes.

Resultando que entre los procesados destaca la figura de don Lino García Vázquez, a quien se señala por numerosos testigos como el verdadero organizador y dirigente principal de la política del Frente Popular en Verín, política que organiza de manera solpada, pero no tanto que no conste en autos de manera fehaciente, que él fue quien hizo teniente alcalde a Álvarez Diéguez que ocupaba en su casa comercial el puesto de contable y que en su puesto obra en todo momento al dictado de su jefe y patrón hasta tal punto que el día 20 de julio se le ve celebrar conferencias telefónicas que con él mantiene desde el Ayuntamiento pidiéndole consejo y recibiendo de él indicaciones y órdenes como en la vista pública manifestó y que además los informes de la autoridad ponen de relieve como este hombre es el más pernicioso para el orden público, para la buena marcha de la vida política de aquella comarca, sirviendo siempre los intereses de los partidos enemigos de España, hasta tal punto que a su hijo García Becerra lo hace diputado en las Cortes Constituyentes y lo apoya para que alcance puesto de Secretario del nefasto Marcelino Domingo, poniendo a su disposición votos e influencias, colaborando en la obra anti-española de los partidos políticos del Frente Popular, dentro de cuyo marco está encaminado como afiliado de Izquierda Republicana y a cuya obra contribuye también con la publicación de un periódico llamado "Nuevo Támega", en el que se hace bajo su dirección propaganda disolvente y preparatoria de la revolución con la colaboración de Marcelino Domingo y otros personajillos destacados del Frente Popular.

Resultando que los procesados Ernesto Ramos Méndez y Sixto Salgado Fariñas, el primero como concejal socialista que era y el segundo como destacado dirigente de las organizaciones obreras marxistas, Presidente que halla sido del Sindicato de Oficios Varios, se personan el día 20 de julio en en Ayuntamiento y



Confederación Intersindical Galega

allí se les ve con armas. alardean con los demás procesados citados en los resultandos anteriores, los verdaderos jefes y directores de los sucesos en Verín en oposición al Movimiento Militar Nacional y que respecto a ellos los informes de nuestros oficiales coinciden en señalarles como factores principales en la preparación de resistencias obreras y revolucionarias que habían de acabar en el Movimiento de Julio".

6º.- Que o falho da sentenza militar ditaminou o seguinte:

"FALLAMOS que debemos condenar y condenamos a los procesados CARLOS REINO CAAMAÑO, JUAN ANTONIO ÁLVAREZ DIÉGUEZ, LINO GARCÍA VÁZQUEZ, ERNESTO RAMOS MÉNDEZ y SIXTO SALGADO FARIÑAS a la pena de muerte, a los procesados MANUEL CADAVID GARCÍA, LUÍS ÁLVAREZ LOSADA, RICARDO GONZÁLEZ GONZÁLEZ, MANUEL SOLA PAREJA, ENRIQUE JOSÉ CARDOSO GANDOSA, ADOLFO IGLESIAS RODRÍGUEZ, CONSTANTINO GAGO GAGO, RAMÓN QUINTAS GONZÁLEZ, FRANCISCO VÁZ ÁLVAREZ, CELSO BLANCO CASTRO, GERARDO RODRÍGUEZ BARJA y MANUEL CABIDO RODRÍGUEZ a la pena de reclusión perpetua, con las accesorias de interdicción civil durante la condena e inhabilitación absoluta, a los procesados GREGORIO BARREIRAS MARTÍNEZ, JOSÉ SOLA PAREJA y JOSÉ PÉREZ DELGADO a la de quince años de reclusión temporal, y a PEDRO JUSTO CASTRO con la de veinte años de la misma pena, llevando estas últimas con accesoria de la inhabilitación absoluta durante el tiempo de condena, absolviendo libremente a los procesados SERGIO PÉREZ DÍAZ y ERNESTO GAGO FERNÁNDEZ. Para el cumplimiento de las penas privativas de libertad será de abono el total de la prisión preventiva sufrida por los procesados.

En cuanto a responsabilidades civiles se hacen las reservas establecidas en el Decreto de 10 de Enero del presente año.

ASÍ MISMO el Consejo llama respetuosamente la atención de la autoridad judicial respecto a la falta de veracidad y sinceridad puesta de relieve en declaración ante el Tribunal prestada por el testigo LAUREANO PELÁEZ CANELLAS que estorbando indudablemente la recta administración de justicia manifestó ignorar lo que a juicio del Consejo y de la actuación política y posición del citado no podía ser de él ignorado.

Igualmente llamamos la atención de la autoridad judicial respecto a las posibles responsabilidades de índole penal o gubernativa que pudieran derivar de la declaración prestada ante el Consejo por el procesado Carlos Reino Caamaño respecto a la actuación que en el Ayuntamiento de Verín tuvo el veinte de julio el secretario señor COUSIÑO y aún de la declaración del propio interesado que como la mayor parte de los testigos propuestos por la defensa y declarantes ante el consejo, como se puso de relieve en el acta del Consejo, no son ejemplo de sinceridad.

Así, por esta nuestra sentencia la pronunciamos, mandamos y firmamos".

7º.- Que o 17 de xunho de 1937, un mes despois de terse ditado a sentenza e tras mais dun ano en prisión, foron fusilados, na cidade de Ourense: CARLOS REINO CAAMAÑO, JUAN ANTONIO ÁLVAREZ DIÉGUEZ, LINO GARCÍA VÁZQUEZ, ERNESTO RAMOS MÉNDEZ y SIXTO SALGADO FARIÑAS. Transcríbese e achégase comunicación dos responsábeis do Cemiterio de Ourense á autoridade militar da provincia:

"En el día de la fecha y seguidamente de haber sido fusilados, fueron inhumados en este cementerio de mi cargo los siguientes:

Juan Antonio Álvarez Diéguez en la sepultura de tierra nº 1132

Sixto Salgado Fariñas sepultura tierra, en la nº 1133

Carlos Reino Caamaño sepultura nº 1135



Confederación Intersindical Galega

Lino García Vázquez sepultura nº 1136

Ernesto Ramos Méndez sepultura nº 1137

Lo que se pone en su conocimiento a los efectos del sumario

Dios guarde a V sn.....

Junio, 17 de 1937".

Que a tais feitos sonlhe de aplicación os seguintes

FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

I.- Formais:

* Regulamento Especial de Honores e Distincións do Concelho de Verín, en especial o seu artigo nº 16º que dispón que o procedemento pro outorgamento dos honores e distincións iniciárase por resolución da Alcaldía, xa por propia iniciativa, xa respondendo á petición razoada dumha terceira parte dos membros que integran a Corporación municipal ou de entidades locais de reconhecida notoriedade.

* O comparecente, a Unión Local de Verín da Confederación Intersindical Galega, conta con lexitimación para promover este procedemento, en razón de que se configura como umha organización sindical mais representativa, tanto na orde estatal, como nacional, como local; maioritaria, con grande implantación na Comarca de Monterrei e que fai parte, mesmo, dos órganos de representación e negociadores de dereitos laborais do Concelho de Verín, dispoñendo de 6 delegados de persoal, dun total de 12.

II.- Substantivos:

A Unión Local da CIG de Verín persegue, por medio deste procedemento, que o Concelho de Verín conceda, a título póstumo, a umha serie de persoas da nosa vila: políticos, vizinhos, sindicalistas e industriais, as distincións e honores que merecen, por ter entregado as súas vidas e patrimonios pola causa da liberdade e da democracia no noso Concelho.

En consecuencia, procúrase proxectar tal reconhecemento á esfera pública por medio do outorgamento dos honores e das distincións que a seguir se proponhen ou, subsidiariamente, doutros semelhantes que se consideren apropiados.

Con todo, antes de formular a proposición obxecto deste escrito, cómpre indicar que non é intención de quen comparece que se faga aquilo que deben facer outras institucións, xudiciais e gobernamentais: anular as penas impostas por un Consello de Guerra ilexítimo e reparar os danos producidos polas incautacións económicas e patrimoniais que padeceron os executados, asasinados e encarcerados. Mais, o que si requirimos é que o Concelho de Verín honre a



Confederación Intersindical Galega

memoria dos represaliados e executados e das familias duns cidadáns que, tamén representantes populares, deixaron a vida en cumprimento do seu deber, por defender a legalidade para a que foran elixidos. En definitiva, preténdese a reparación moral e o restabelecimento ético da figura de vicinhos/as por outros vicinhos/as, de cidadáns/ás por outros cidadáns/as e de representantes populares por outros representantes populares.

Así as cousas, a UL da CIG de Verín propón que sen concedan os honores e distincións, a título póstumo, que se sinalan, ás persoas que se identifican:

1.- Nomeamentos propostos pros condenados, pola Sentenza Militar de 22/05/1937 (Causa 1021/1936):

Filhos Predilectos, por seren naturais do Concelho de Verín:

JUAN ANTONIO ÁLVAREZ DIÉGUEZ	* Filho Predilecto de Verín
ERNESTO RAMOS MÉNDEZ	* Filho Predilecto de Verín
SIXTO SALGADO FARIÑAS	* Filho Predilecto de Verín
MANUEL CADAVID GARCÍA	* Filho Predilecto de Verín
LUÍS ÁLVAREZ LOSADA	* Filho Predilecto de Verín
MANUEL SOLA PAREJA	* Filho Predilecto de Verín
ENRIQUE J. CARDOSO PURIFICACIÓN	* Filho Predilecto de Verín
ADOLFO IGLESIAS RODRÍGUEZ	* Filho Predilecto de Verín
CONSTANTINO GAGO GAGO	* Filho Predilecto de Verín
RAMÓN QUINTAS GONZÁLEZ	* Filho Predilecto de Verín
FRANCISCO VAZ ÁLVAREZ	* Filho Predilecto de Verín
CELSO BLANCO CASTRO	* Filho Predilecto de Verín
MANUEL CABIDO RODRÍGUEZ	* Filho Predilecto de Verín
GREGORIO BARREIRAS MARTÍNEZ	* Filho Predilecto de Verín
JOSÉ SOLA PAREJA	* Filho Predilecto de Verín

Filhos Adoptivos, por non seren naturais do Concelho de Verín

CARLOS REINO CAAMANHO	* Filho Adoptivo de Verín
LINO GARCÍA VÁZQUEZ	* Filho Adoptivo de Verín
RICARDO GONZÁLEZ GONZÁLEZ	* Filho Adoptivo de Verín
GERARDO RODRÍGUEZ BARJA	* Filho Adoptivo de Verín
JOSÉ PÉREZ DELGADO	* Filho Adoptivo de Verín
PEDRO JUSTO CASTRO	* Filho Adoptivo de Verín

2.- Distincións propostas pros executados, en base á Sentenza Militar de 22/05/1937 (Causa 1021/1936):

* Modificación da denominación da actual **Praza do Concelho** pola de: PRAZA DO ALCALDE CARLOS REINO CAAMANHO.

* Modificación da denominación da actual **Rúa Deputación** pola de: RÚA DE LINO GARCÍA VÁZQUEZ.



Confederación Intersindical Galega

* Modificación da denominación da actual Rúa Pedro González Prada pola de: RÚA DE SIXTO SALGADO FARIÑAS.

* Modificación da denominación da actual Rúa de Elle pola de: RÚA DE XOAN ANTONIO ÁLVAREZ DIÉGUEZ.

* Modificación da denominación da actual Travesía de Elle pola de: RÚA DE ERNESTO RAMOS MÉNDEZ.

3.- Insignia d'ouro do Concelho de Verín

* Concesión da insignia d'ouro do Concelho de Verín a todas as persoas executadas, asasinadas, fuxidas e represaliadas durante o Franquismo, naturais do Concelho de Verín.

4.- Placa Conmemorativa:

* Colocación dumha placa conmemorativa na fachada do Concelho de Verín, co seguinte redactado:

"O concelho e o povo de Verín en lembranza de todos os home e mulheres executados/as, asasinados/as, fuxidos/as, violadas, humilhadas e represaliados/as polo réxime franquista".

Polo exposto,

SOLICITO:

Que, presentado este escrito, onda os documentos que se achegan, se tenha por promovida a INSTRUCCIÓN DUN PROCEDIMENTO PRA CONCESIÓN DE HONORES E DISTINCIÓNS aos veciños/as de Verín que ficaron identificados no FX 2º e, en virtude do disposto nos artigos 16º a 19º do Regulamento Especial de Honores e Distincións do Concelho de Verín, se acorde, polo Pleno Municipal, a concesión dos distintivos honoríficos, a título póstumo, que se detallaron nos apartados 1, 2, 3 e 4 do FX 2º, así como a imposición dos mesmos ás familias dos distinguidos, en acto solemne, no salón de sesión do Concelho de Verín.

OUTROSÍ DIGO:

Que, xunto con este escrito, achéganse os documentos que se relacionan, co obxecto de acreditar tanto veciñanza dos propostos, como a súa acción en defensa da liberdade do Concelho de Verín:

- ✓ Sentenza ditada polo Consello de Guerra o día 22 de Maio de 1937
- ✓ Certificado do cemiterio de Ourense polo que se acreditou o fusilamento dos relacionados, así como a súa inhumación.



Confederación Intersindical Galega

- ✓ Certificados, ou de defunción, ou de declaración xudicial, de todos os propostos, polos que se acredita o seu procesamento e o seu lugar de nacemento.

En Verín, a 21 de Xulho do 2014

Confederación Intersindical Galega

SECRETARIO

CONFEDERAL

SECRETARÍA DE EMPREGO

Asdo. Manuel Anxo García Torres

Secretario Confederal de Formación pro Emprego da CIG

